



COMPROMISO DOCUMENTAL DE SUPERVISIÓN

Obxecto.

O presente documento constitúe un compromiso asumido pola Universidade da Coruña (UDC), o/a doutorando/a, o/a seu/súa titor/a e o/s seu/s director/es, e o/a coordinador/a na UDC do programa de doutoramento, polo que se establecen as funcións de supervisión das tarefas conducentes á realización da tese de doutoramento. A efectos do presente documento, a UDC está representada pola Escola Internacional de Doutoramento da UDC (EIDUDC).

I. Compromiso de colaboración mutua.

O/a doutorando/a, o/a seu/súa titor/a, o/s director/es da tese, o/a coordinador/a na UDC do programa de doutoramento e a EIDUDC comprométense, no ámbito das funcións que corresponden a cada un deles, a establecer as condicións de colaboración que permitan a presentación do Plan de Investigación, a súa posterior elaboración e, finalmente, a súa defensa, conforme aos procedementos e prazos establecidos na normativa aplicable.

Os/as asinantes deste documento declaran coñecer a normativa vixente reguladora dos estudos de doutoramento (Real decreto 99/2011 e Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC), así como o Regulamento de Réxime Interno da EIDUDC, e aceptan que as disposicións recollidas nestas normativas sexan o marco para a formación transversal e específica dos estudos de doutoramento, encamiñada á elaboración, tramitación e defensa da tese de doutoramento e a obtención por parte do/a doutorando/a do Título de Doutor/a pola Universidade da Coruña.

II. Plan de Investigación.

Antes de seis meses a contar desde a data da matrícula, o/a doutorando/a elaborará un Plan de Investigación que incluíra a metodoloxía que empregará e os obxectivos que se han de alcanzar, así como os medios e a planificación temporal para acadalo. O plan, avalado co informe do/s director/es e do/a titor/a, deberá ser aprobado pola Comisión Académica do Programa de Doutoramento (CAPD). Este plan poderase mellorar e detallar no proceso de avaliación anual contando co aval do/a titor/a e o/a director/a da tese.

A inclusión e aprobación do Plan de Investigación rexistrárase a través da aplicación informática destinada pola UDC a tal fin.

III. Obrigas do/a doutorando/a.

1. O/a doutorando/a comprométese, baixo o seguimento e a supervisión do/a titor/a e/ou director/es da tese, a desenvolver o Plan de Investigación, a realizar as actividades formativas programadas nos estudos de doutoramento e rexístralas no Documento de Actividades, e a asumir as obrigas derivadas do presente compromiso que, a título só enunciativo, se concretan en:
 - Seguir as indicacións e recomendacións do seu/da súa titor/a e/ou director/es de tese en relación coas actividades formativas.
 - Informar regularmente ao/á titor/a e/ou director/es de tese da realización de tales actividades e da evolución do traballo de investigación, dos resultados obtidos, e dos problemas que se lle podan formular no seu desenvolvemento.
 - Presentar nos prazos establecidos pola EIDUDC o Plan de Investigación e o Documento de Actividades, para a avaliación da actividade realizada no prazo previsto pola normativa.



- Dedicar á realización dos estudos de doutoramento o equivalente a 35 h/semana de dedicación a tempo completo ou de 21 h/semana de dedicación a tempo parcial.
2. O/a doutorando/a tamén deberá realizar e superar, entre as actividades formativas descritas na memoria de verificación do programa de doutoramento, aquelas que lle encomende o/a titor/a e/ou director/es da tese coa aprobación da CAPD.

IV. Obrigas do/a titor/a.

O/a titor/a velará pola boa e fluída interacción do/a doutorando/a coa CAPD, facilitándolle a orientación e o asesoramento necesarios. Anualmente, emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o Plan de Investigación e o Documento de Actividades.

V. Obrigas do/s director/es da tese de doutoramento.

A dirección da tese comprométese á supervisión e ao seguimento continuo da actividade investigadora do/a doutorando/a e responsabilízase da coherencia e idoneidade das actividades de formación. A dirección da tese comprométese na orientación e asesoramento do estudante, fomentando a súa iniciativa co obxectivo de que alcance autonomía na tarefa investigadora, e asegurará a realización dunha tese de calidade.

Anualmente, a dirección da tese emitirá os informes de valoración/seguimento sobre o Plan de Investigación e o Documento de Actividades.

VI. Obrigas da Comisión Académica do Programa de Doutoramento.

A CAPD deberá avaliar anualmente o Plan de Investigación e o Documento de Actividades de cada doutorando/a, tendo en conta os informes do/a titor/a e/ou director/es da tese.

VII. Disponibilidade de medios.

O/a doutorando/a disporá dos medios físicos e instrumentais e dos servizos necesarios para a realización do traballo da súa tese de doutoramento, que serán asignados polo/a director/a da tese, de acordo coas normas e restricións ao respecto reguladas na UDC.

No caso de que a tese se desenvolva total ou parcialmente nun centro alleo á UDC, contarase coa autorización expresa da persoa responsable deste centro para que o/a doutorando/a realice os estudos de doutoramento en dito centro. Este documento incorporárase como unha addenda a este Compromiso Documental de Supervisión.

VIII. Data límite da presentación da solicitude de depósito da tese.

As partes acordan que a presentación da solicitude de depósito da tese ten que ser efectiva nos prazos establecidos no Regulamento de Estudos de Doutoramento da UDC, en particular, no seu artigo 24 (*Duración máxima e mínima dos estudos de doutoramento a tempo completo e a tempo parcial*).

IX. Avaliación.

1. Antes da finalización do primeiro ano desde a súa matrícula no programa, o/a doutorando/a someterá o Plan de Investigación á avaliación da CAPD.
2. Anualmente, nas datas establecidas pola EIDUDC, o/a doutorando/a someterá a avaliación o Plan de Investigación e o Documento de Actividades. A CAPD terá en conta nesta avaliación os informes que a tal efecto deben emitir o/a titor/a e/ou director/es da tese.
3. A avaliación positiva será requisito indispensable para continuar no programa. No caso de avaliación negativa, que será debidamente motivada, o/a doutorando/a deberá ser de novo avaliado/a no prazo de 6 meses, a cuxo efecto elaborará un novo Plan de Investigación. No



suposto de producirse unha nova avaliación negativa, o/a doutorando/a causará baixa definitiva no programa.

4. Á conclusión do prazo límite establecido no apartado anterior, o/a doutorando/a deberá realizar o depósito do traballo de tese de doutoramento.
5. Finalizado o prazo sen que se sometera o traballo á valoración da CAPD nin se solicitara a admisión a trámite para a súa defensa, ou se a valoración non obtivese resultado positivo, o compromiso de tese perderá a súa vixencia e o/a doutorando/a causará baixa no programa.

X. Confidencialidade.

O/a doutorando/a comprométese a manter en secreto os datos de carácter confidencial que o/s director/es da tese, o/a titor/a ou calquera outro membro do equipo investigador no que estea integrado lle proporcionen, así como a empregar a información obtida exclusivamente na realización da tese de doutoramento.

O/a doutorando/a comprométese a non revelar nin transferir a terceiros, nin sequera nos casos de cambio na dirección da tese, información sobre o traballo ou materiais produto da investigación, propia ou do grupo, na que participara, sen obter autorización correspondente da anterior dirección de tese, de maneira expresa e por escrito.

XI. Propiedade intelectual e industrial.

O/a doutorando/a asume que, se durante o desenvolvemento do traballo de investigación no marco da UDC se obtivese algún resultado susceptible de protexer mediante algún título de propiedade industrial e/ou intelectual que recoñece a Lei, para establecer a titularidade e a autoría dos dereitos, terase en consideración tanto a orixe dos mesmos como a participación das persoas inventoras dos resultados. Aplicarase a lexislación vixente, así como a normativa propia da UDC en vigor con respecto a propiedade industrial e intelectual, incluíndo os dereitos morais dos autores e a participación dos autores e colaboradores nos beneficios derivados da explotación económica dos dereitos de propiedade intelectual e industrial.

XII. Consulta e publicación da tese de doutoramento

Unha vez superada a defensa da tese de doutoramento, esta será publicada no Repositorio Institucional da UDC (RUC). Para isto, a Oficina de Doutoramento enviará unha copia en formato electrónico ao Servizo de Biblioteca.

En caso de que o/a doutorando/a e/ou o/s director/es da tese non autorice(n) o depósito e a publicación da tese no RUC, por razóns de confidencialidade entre outras, deberá(n) solicitalo previamente ante a Comisión Permanente da EIDUDC.

XIII. Resolución de conflitos.

Os conflitos derivados do incumprimento de algún dos extremos do presente compromiso, ou dalgunha outra causa relacionada coa realización da tese de doutoramento, incluído o cambio de dirección da tese, someteranse para a súa resolución ao procedemento establecido na normativa da UDC, coas consecuencias e efectos previstos, sen prexuízo dos posteriores recursos que lexitimamente procedan.

XIV. Vixencia.

Este documento ten efecto dende a data da súa aceptación ata a defensa da tese de doutoramento. Quedará sen efecto no caso de incumprimento dalgunha das cláusulas previstas ou da normativa reguladora dos estudos de doutoramento da UDC.